



## RESPIRAR É VIVIR

- ***O servizo de Pneumoloxía habilitou un Punto informativo no Hospital Álvaro Cunqueiro para dar a coñecer a EPOC, enfermidade moi infradiagnosticada***
- ***Un dos obxectivos do Sergas é mellorar o infradiagnóstico desta patoloxía, especialmente nas mulleres***
- ***A Consellería de Sanidade presentou un novo proceso asistencial integrado desta patoloxía elaborado con perspectiva de xénero***

**Vigo, 17 de novembro de 2023.** O servizo de Pneumoloxía da Área Sanitaria de Vigo habilitou unha mesa informativa no hospital Álvaro Cunqueiro para informar á cidadanía sobre a enfermidade da EPOC. Esta actividade enmárcase nas diferentes accións conmemorativas do Día Mundial da Enfermidade Pulmonar Obstrutiva Crónica que este ano se desenvolve baixo o lema "Respirar é vivir. Actúa pronto".



Nesta ocasión os profesionais realizaron un test aos usuarios que se achegaban ata o punto informativo, para valorar o seu coñecemento da enfermidade. Aqueles que acertaron o cuestionario recibiron un agasallo.

Con esta actividade, os profesionais querían dar a coñecer á poboación esta patoloxía, que segue sendo unha das máis descoñecidas e menos diagnosticadas, a pesar de que a súa prevalenza foi incrementando nos últimos anos. De feito, en Galicia afecta ao 16% dos adultos de máis de 40 anos. Ademais, en torno ao 73% das persoas galegas que a padecen non o saben.



### **O tabaco, principal causa**

A Enfermidade Pulmonar Obstrutiva Crónica (EPOC) é unha obstrución crónica das vías respiratorias que dificulta moito a respiración aos afectados e que está causada fundamentalmente polo tabaco. Os síntomas máis comúns da enfermidade son a dispnea (respiración difícil ou desproporcionada á actividade física realizada), tose, ou aumento da produción de esputos, entre outros. Estes síntomas poden limitar a capacidade dos pacientes para desenvolver as súas actividades cotiás.

### **Reducir infradiagnóstico nas mulleres**

Precisamente, hai uns meses a Consellería de Sanidade presentou a actualización do Proceso Asistencial Integrado (PAI) de Enfermidade Pulmonar Obstrutiva Crónica (EPOC) que engade como principal novidade a perspectiva de xénero no diagnóstico e tratamento.

O obxectivo é reducir os niveis de infradiagnóstico estimado entre as mulleres (86%), xa que é máis elevado que en homes (67,6%).

Así mesmo os síntomas son diferentes en función do sexo do paciente: as mulleres presentan maior porcentaxe de dispnea, sibilancias, hiperreactividade bronquial e peor calidade de vida que os homes e, pola contra, as mulleres refiren menos tose e expectoración.